



DIOCESE  
DE LUGO  
DELEGACIÓN  
DE LITURXIA

## ORACIÓN XUNTO Á SEPULTURA DOS FAMILIARES

### Monición

Xunto á sepultura dos nosos familiares, diriximos a nosa oración a Deus, que nos ama, e con fe lembramos aos nosos seres queridos coa esperanza firme da resurrección. Que Deus, na súa infinita misericordia, cónteos entre os seus santos e elixidos no ceo, e a nós sostéñanos coa súa graza. Recemos con confianza:

### Sinal da Cruz

No nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo. **R. Amén**  
Señor, ten piedade. **R. Señor, ten piedade**  
Cristo, ten piedade. **R. Cristo, ten piedade.**  
Señor, ten piedade. **R. Señor, ten piedade**

### Salmo 22

**R.** O Señor é o meu pastor: nada me falta.  
A pastos verdecentes lévame a repousar,  
lévame a beber ás augas tranquilas e repón as miñas forzas. **R.**

Guíame por vereas rectas,  
polo honor do seu nome.  
Se tiver de pasar por vagoadas sombrizas,  
ningún mal temería, pois ti vas comigo:  
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego. **R.**

Ti pos para min a mesa,  
á cara dos meus inimigos;  
únxesme con perfume a cabeza,  
e a miña copa reborda. **R.**

A túa bondade e o teu amor vanme seguindo tódolos días da vida.  
Eu habitarei na casa do Señor  
ó longo dos meus días. **R.**

## Lectura

Eu sei que está vivo o meu Redentor

**Lectura do libro de Xob. 19, 1. 23-27a**

Respondeu Xob aos seus amigos:

Se algún día se escribisen as miñas palabras! Oxalá fixesen delas unha inscrición! Que con cicel e chumbo se labrasen para sempre nun penedo! Con todo, eu sei: o meu Liberador está vivo e ó remate hase erguer sobre a terra; despois de ter esgazada a miña pel, aínda sen carnes hei ver a Deus. Eu mesmo o hei ver; hano ver os meus ollos».

## Oración de intercesión

Invoquemos a Cristo, que coa súa morte e a súa resurrección arrincou aos homes do poder da morte:

Que os nosos irmáns vivan eternamente na paz xunto a ti.

**R. Señor, ten piedade.**

Que participen contigo da felicidade eterna dos santos.

**R. Señor, ten piedade.**

Que contemplan o teu rostro glorioso e teñan parte na alegría sen fin.

**R. Señor, ten piedade.**

Oh, Cristo, acólleos xunto a ti con todos os que nos precederon.

**R. Señor, ten piedade.**

## Lucernario. *Acéndese unha candea e rézase*

Xunto á sepultura dos nosos familiares acendemos, oh Cristo, esta chama, símbolo do teu corpo glorioso e resucitado; que o resplandor desta luz ilumine as nosas tebras e alume o noso camiño de esperanza, ata que cheguemos a ti, oh claridade eterna, que vives e reinas, inmortal e glorioso, polos séculos dos séculos.

**R. Amén.**

## Nosopai

Noso Pai...

## Oración final

Escoita con bondade, Señor, as nosas súplicas, para que ao confesar a nosa fe no teu Fillo resucitado de entre os mortos, afiáncese tamén a nosa esperanza na futura resurrección dos nosos familiares defuntos. Por Xesucristo o noso Señor. **R. Amén.**

Dálles, Señor, o descanso eterno. **R. E brille sobre eles a luz eterna.**

Descansen en paz. **R. Amén.**

Que os nosos familiares defuntos e todos os fieis defuntos, pola misericordia de Deus, descansen en paz.

## Bendición

Que o Señor nos bendiga, garde de todo mal, e leve á vida eterna.

**R. Amén.**